# 3.2
## ámbito socioeconómico

## 3.2.1. Empresas

Táboa 11: Empresas comarcais en 2007. Total, participación e tendencia 2004-2007.

| Comarcas | Total | Participación % | Tendencia 2004-2007 % |
|---|---|---|---|
| Vigo | 20.703 | 17,1 | 5,1 |
| A Coruña | 19.037 | 15,8 | 4,6 |
| Santiago | 8.310 | 6,9 | 6,5 |
| Ourense | 7.515 | 6,2 | 2,8 |
| Lugo | 6.354 | 5,3 | 4,4 |
| Pontevedra | 5.801 | 4,8 | 5,5 |
| Salnés | 5.405 | 4,5 | 5,2 |
| Ferrol | 4.965 | 4,1 | 5,1 |
| O Morrazo | 2.991 | 2,5 | 3,8 |
| Bergantiños | 2.786 | 2,3 | 4,4 |
| Barbanza | 2.233 | 1,8 | 7,1 |
| O Baixo Miño | 2.216 | 1,8 | 7,6 |
| Deza | 1.982 | 1,6 | 7,0 |
| A Terra Chá | 1.675 | 1,4 | 4,4 |
| O Condado | 1.532 | 1,3 | 11,7 |
| Betanzos | 1.402 | 1,2 | 5,9 |
| A Mariña Central | 1.390 | 1,2 | 5,3 |
| Ordes | 1.341 | 1,1 | 3,5 |
| Caldas | 1.311 | 1,1 | 8,4 |
| Noia | 1.282 | 1,1 | 4,2 |
| A Mariña Occidental | 1.243 | 1,0 | 2,4 |
| Valdeorras | 1.182 | 1,0 | 4,9 |
| Terra de Lemos | 1.174 | 1,0 | 7,3 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 1.101 | 0,9 | 3,4 |
| O Carballiño | 1.050 | 0,9 | 8,8 |
| Sarria | 1.033 | 0,9 | 2,9 |
| Eume | 945 | 0,8 | 8,3 |
| A Mariña Oriental | 883 | 0,7 | 6,5 |
| Verín | 859 | 0,7 | 5,7 |
| Fisterra | 822 | 0,7 | 4,7 |
| A Limia | 780 | 0,6 | 2,8 |
| Terra de Soneira | 762 | 0,6 | 4,1 |
| O Sar | 666 | 0,6 | 4,8 |
| Terra de Celanova | 618 | 0,5 | -1,2 |
| Chantada | 592 | 0,5 | 4,7 |
| O Ribeiro | 591 | 0,5 | 3,3 |
| Arzúa | 565 | 0,5 | 4,2 |
| Terra de Melide | 545 | 0,5 | 6,5 |
| Xallas | 543 | 0,4 | 8,2 |
| Allariz-Maceda | 465 | 0,4 | 9,7 |
| Ortegal | 447 | 0,4 | 4,0 |
| A Paradanta | 416 | 0,3 | 12,7 |
| Muros | 405 | 0,3 | 0,9 |
| Os Ancares | 382 | 0,3 | 2,3 |
| A Ulloa | 340 | 0,3 | 6,2 |
| A Barcala | 336 | 0,3 | 8,2 |
| Meira | 208 | 0,2 | 0,2 |
| A Fonsagrada | 205 | 0,2 | 4,3 |
| Baixa Limia | 204 | 0,2 | 6,1 |
| Viana | 189 | 0,2 | 5,7 |
| Quiroga | 184 | 0,2 | 5,9 |
| Terra de Trives | 119 | 0,1 | -2,4 |
| Terra de Caldelas | 83 | 0,1 | 3,7 |
| Galicia | 120.811 | 100,0 | 5,0 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourería da Seguridade Social.*

Mapa 8: Número de empresas. 2007.




*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourería da Seguridade Social.*

Na distribución comarcal das empresas destaca a alta concentración nas comarcas urbanas. Deste xeito, o 32,9% do total de empresas concéntrase tan só en dúas comarcas: Vigo e A Coruña. Séguenlle Santiago, Ourense e Lugo, con porcentaxes que se sitúan entre o 5% e o 7%. Así mesmo, sobresae outro grupo de comarcas polo seu peso específico, aínda que menor ao 5%: Pontevedra, O Salnés e Ferrol.

Tal como acontecía coa poboación, prodúcese certa disparidade na distribución das empresas, xa que un amplo número de comarcas, en concreto 30, non supera o 1% de empresas totais galegas en 2007.

O crecemento das empresas no período 2004-2007 foi do 5%, e, de forma global, este comportamento é positivo para todas as comarcas, coas excepcións de Terra de Trives, -2,4%, e Terra de Celanova, -1,2%. Dentro das comarcas con maior número de empresas, destaca o incremento de Santiago, 6,5%, e pola súa moderación, o aumento de Ourense, 2,8%, malia que os maiores incrementos en termos relativos entre a totalidade das comarcas foron para A Paradanta, 12,7%, e O Condado, 11,7%.

Táboa 12: Empresas comarcais segundo os subsectores de actividade en 2007. Peso relativo.

| Comarcas | Peso relativo | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Agricultura e Pesca | Electricidade | Industria | Construción | Comercio e hostalaría | Transporte e comunicacións | Outros servizos |
| Vigo | 2,6 | 0,1 | 9,6 | 11,0 | 33,9 | 6,1 | 36,7 |
| A Coruña | 1,8 | 0,1 | 8,0 | 10,7 | 30,9 | 5,8 | 42,6 |
| Santiago | 1,2 | 0,2 | 7,0 | 11,2 | 31,4 | 5,4 | 43,6 |
| Ourense | 1,4 | 0,1 | 9,1 | 11,9 | 34,2 | 3,9 | 39,3 |
| Lugo | 2,9 | 0,1 | 7,0 | 11,1 | 34,8 | 5,9 | 38,1 |
| Pontevedra | 3,2 | 0,1 | 7,4 | 15,3 | 32,8 | 3,7 | 37,4 |
| O Salnés | 9,4 | 0,1 | 9,7 | 18,8 | 35,6 | 4,1 | 22,3 |
| Ferrol | 4,4 | 0,1 | 7,9 | 13,6 | 37,7 | 5,0 | 31,2 |
| O Morrazo | 17,0 | 0,1 | 9,6 | 17,3 | 31,4 | 2,7 | 21,9 |
| Bergantiños | 6,6 | 0,1 | 13,5 | 28,8 | 27,3 | 4,6 | 19,1 |
| Barbanza | 1,6 | 0,2 | 10,5 | 21,3 | 37,7 | 3,9 | 24,8 |
| O Baixo Miño | 11,8 | 0,1 | 10,8 | 21,4 | 30,9 | 3,4 | 21,7 |
| Deza | 6,3 | 0,2 | 13,5 | 19,9 | 30,6 | 6,8 | 22,8 |
| A Terra Chá | 8,7 | 0,1 | 11,7 | 15,5 | 35,1 | 10,8 | 18,0 |
| O Condado | 3,1 | 0,1 | 13,6 | 21,0 | 32,8 | 5,4 | 24,0 |
| Betanzos | 4,3 | 0,2 | 9,7 | 18,7 | 33,6 | 4,7 | 28,7 |
| A Mariña Central | 10,7 | 0,3 | 9,2 | 20,9 | 29,9 | 5,0 | 24,0 |
| Ordes | 6,3 | 0,2 | 14,3 | 21,9 | 30,2 | 5,9 | 21,2 |
| Caldas | 2,9 | 0,2 | 15,6 | 24,5 | 31,8 | 4,6 | 20,5 |
| Noia | 18,8 | 0,2 | 7,5 | 21,1 | 28,1 | 2,5 | 21,8 |
| A Mariña Occidental | 16,0 | 0,3 | 7,7 | 13,8 | 36,0 | 3,7 | 22,6 |
| Valdeorras | 1,7 | 0,4 | 17,0 | 17,3 | 32,0 | 4,8 | 26,8 |
| Terra de Lemos | 5,1 | 0,1 | 10,4 | 16,6 | 35,8 | 3,7 | 28,4 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 3,6 | 0,2 | 17,1 | 17,0 | 32,9 | 4,4 | 24,8 |
| O Carballiño | 3,1 | 0,0 | 11,9 | 18,1 | 32,6 | 4,1 | 30,2 |
| Sarria | 6,0 | 0,2 | 14,1 | 14,9 | 32,3 | 11,8 | 20,8 |
| Eume | 3,5 | 0,8 | 9,9 | 15,1 | 35,7 | 6,8 | 28,2 |
| A Mariña Oriental | 7,0 | 0,2 | 7,9 | 17,6 | 38,7 | 5,1 | 23,5 |
| Verín | 2,9 | 0,0 | 14,1 | 17,8 | 35,7 | 4,7 | 24,8 |
| Fisterra | 16,9 | 0,3 | 9,4 | 18,2 | 32,7 | 4,0 | 18,6 |
| A Limia | 10,1 | 0,1 | 13,4 | 20,2 | 30,1 | 5,5 | 20,6 |
| Terra de Soneira | 14,1 | 0,6 | 14,6 | 27,7 | 27,0 | 2,9 | 13,0 |
| O Sar | 3,2 | 0,2 | 15,8 | 19,1 | 38,0 | 5,6 | 18,3 |
| Terra de Celanova | 3,5 | 0,3 | 17,9 | 17,3 | 31,5 | 4,4 | 25,2 |
| Chantada | 13,8 | 0,5 | 8,6 | 14,2 | 31,7 | 10,6 | 20,5 |
| O Ribeiro | 6,0 | 0,3 | 17,9 | 15,8 | 29,5 | 4,7 | 25,8 |
| Arzúa | 13,9 | 0,0 | 12,7 | 18,6 | 30,2 | 8,3 | 16,3 |
| Terra de Melide | 8,3 | 0,4 | 10,8 | 15,3 | 35,5 | 9,1 | 20,6 |
| Xallas | 6,3 | 0,2 | 11,4 | 24,2 | 33,1 | 6,1 | 18,8 |
| Allariz-Maceda | 9,5 | 0,4 | 14,1 | 19,9 | 27,2 | 5,4 | 23,4 |
| Ortegal | 20,4 | 0,0 | 6,8 | 15,1 | 30,7 | 3,0 | 24,0 |
| A Paradanta | 10,6 | 0,4 | 14,1 | 18,8 | 32,1 | 4,4 | 19,6 |
| Muros | 18,8 | 0,0 | 9,4 | 18,2 | 33,6 | 1,7 | 18,2 |
| Os Ancares | 8,7 | 0,3 | 9,0 | 16,6 | 33,6 | 11,9 | 19,9 |
| A Ulloa | 10,7 | 0,3 | 12,5 | 17,1 | 36,0 | 4,1 | 19,4 |
| A Barcala | 6,5 | 0,6 | 11,8 | 24,9 | 29,5 | 5,6 | 21,0 |
| Meira | 11,8 | 0,0 | 13,3 | 13,5 | 30,0 | 6,3 | 25,0 |
| A Fonsagrada | 23,7 | 0,6 | 8,4 | 10,5 | 29,0 | 6,6 | 21,2 |
| Baixa Limia | 9,5 | 0,3 | 8,5 | 18,4 | 28,9 | 3,7 | 30,8 |
| Viana | 5,0 | 1,1 | 12,4 | 17,3 | 34,4 | 5,3 | 24,5 |
| Quiroga | 1,9 | 0,5 | 18,3 | 20,7 | 32,1 | 2,4 | 24,1 |
| Terra de Trives | 4,3 | 0,1 | 10,0 | 19,3 | 31,6 | 6,9 | 27,7 |
| Terra de Caldelas | 7,3 | 2,4 | 7,1 | 18,7 | 27,0 | 5,4 | 32,1 |
| Galicia | 5,1 | 0,2 | 9,6 | 14,6 | 32,8 | 5,3 | 32,5 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

Na distribución das empresas segundo os subsectores de actividade, o comercio e hostalaría e os outros servizos configuran aqueles que maior número de empresas concentran, con porcentaxes respectivas do 32,8% e do 32,5%. O terceiro subsector en importancia é o da construción, co 14,6%, e séguelle o da industria, co 9,6%. Agricultura e pesca, e transporte e comunicacións representan cada un valores próximos ao 5%.

No subsector do comercio e hostalaría están por riba da media galega, entre outras, A Mariña Oriental, 38,7%; O Sar, 38%; e Ferrol e Barbanza, 37,7%. Nos outros servizos, tan só seis comarcas superan o peso porcentual correspondente a estas empresas en Galicia, sendo todas elas comarcas urbanas; os valores máis altos son para Santiago, 43,6%, e A Coruña, 42,6%.

As comarcas con maior número de empresas desvía á baixa a porcentaxe galega do subsector da construción, o que sinala a maior presenza que ten en comarcas intermedias e pequenas en número de empresas. Entre as comarcas que non acadan o valor galego destacan as urbanas como Vigo, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo e Ferrol.

As empresas do subsector de agricultura e pesca acadan a súa representación máis alta, normalmente, en comarcas intermedias ou pequenas, especialmente nas costeiras. É salientable a porcentaxe de empresas deste tipo: do 23,7% na Fonsagrada, do 20,4% en Ortegal ou do 18,8% en Muros e Noia.

Táboa 13: Empresas comarcais segundo os subsectores de actividade. Tendencia 2004-2007.

| Comarcas | Tendencia 2004-2007 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Agricultura e Pesca | Electricidade | Industria | Construción | Comercio e hostalaría | Transporte e comunicacións | Outros servizos |
| Vigo | 1,4 | 8,0 | 1,4 | 5,1 | 2,0 | 8,7 | 9,0 |
| A Coruña | -3,6 | -4,9 | -2,1 | 6,2 | 1,5 | 8,3 | 8,0 |
| Santiago | 15,0 | 5,8 | 0,1 | 3,1 | 3,1 | 11,5 | 10,2 |
| Ourense | 4,4 | -6,0 | -1,5 | 1,0 | 1,4 | 4,8 | 5,6 |
| Lugo | 22,8 | 25,8 | -7,4 | 7,4 | 1,3 | 9,1 | 7,0 |
| Pontevedra | -3,8 | 21,2 | 0,4 | 8,3 | 1,2 | 5,1 | 10,3 |
| O Salnés | -10,3 | 16,3 | 3,5 | 6,3 | 4,6 | 2,6 | 15,0 |
| Ferrol | 1,8 | -13,7 | 1,3 | 7,8 | 1,4 | 6,4 | 10,1 |
| O Morrazo | -4,6 | 58,3 | 2,7 | 2,9 | 4,5 | 7,3 | 10,7 |
| Bergantiños | -4,9 | 0,0 | -6,0 | 9,1 | 3,4 | 4,7 | 11,2 |
| Barbanza | -4,2 | 0,0 | 1,5 | 5,4 | 2,5 | 24,4 | 17,8 |
| O Baixo Miño | 6,8 | 64,3 | 0,4 | 10,2 | 4,9 | 23,1 | 11,1 |
| Deza | 12,9 | 0,0 | 0,3 | 2,0 | 5,1 | 12,3 | 16,1 |
| A Terra Chá | 20,5 | -18,2 | 1,0 | 5,6 | -0,6 | 8,3 | 7,3 |
| O Condado | 16,6 | 0,0 | -2,9 | 19,8 | 11,4 | 13,0 | 14,4 |
| Betanzos | 11,0 | -43,8 | -9,5 | 10,6 | 4,7 | 17,0 | 8,7 |
| A Mariña Central | -4,2 | 51,7 | -4,3 | 10,9 | 5,1 | 9,5 | 8,6 |
| Ordes | 7,6 | 162,5 | 1,7 | 0,6 | 0,9 | 11,7 | 7,6 |
| Caldas | 10,4 | -11,8 | 4,4 | 11,5 | 4,5 | 4,6 | 15,6 |
| Noia | 15,8 | -15,1 | -11,0 | 5,8 | -3,8 | 37,6 | 8,7 |
| A Mariña Occidental | -0,7 | 41,8 | -7,7 | 9,1 | -0,9 | 14,8 | 8,3 |
| Valdeorras | 36,7 | -16,7 | 11,2 | -0,8 | 1,6 | 12,3 | 6,6 |
| Terra de Lemos | 17,4 | 0,0 | 5,2 | 6,3 | 2,7 | 16,5 | 12,2 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 13,6 | 71,4 | 1,3 | -2,0 | 0,2 | 16,8 | 10,0 |
| O Carballiño | 22,7 | -100,0 | -3,8 | 12,3 | 5,4 | 10,7 | 15,2 |
| Sarria | 5,9 | 0,0 | 4,1 | 6,9 | -2,3 | 13,3 | 2,0 |
| Eume | 23,0 | 36,8 | 1,0 | 6,6 | 2,2 | 8,3 | 18,8 |
| A Mariña Oriental | 13,5 | 0,0 | -10,2 | 7,1 | 7,4 | 14,1 | 7,9 |
| Verín | 7,0 | -81,0 | -4,2 | -3,5 | 9,4 | 0,6 | 16,8 |
| Fisterra | 3,9 | -55,6 | -7,3 | 4,5 | 6,8 | 15,9 | 9,0 |
| A Limia | 15,4 | 0,0 | -5,2 | -3,4 | 1,4 | 15,3 | 8,9 |
| Terra de Soneira | 1,0 | 16,7 | 2,1 | 1,3 | 7,9 | 4,8 | 8,0 |
| O Sar | 43,5 | 0,0 | 14,9 | -1,7 | 1,5 | 1,5 | 7,6 |
| Terra de Celanova | -12,8 | -30,8 | -4,6 | -12,0 | 5,3 | 0,6 | 4,3 |
| Chantada | 20,0 | 20,0 | -12,5 | -7,1 | -0,8 | 20,6 | 16,3 |
| O Ribeiro | 24,1 | 0,0 | -2,0 | -3,9 | 2,7 | 11,8 | 7,4 |
| Arzúa | 9,4 | 0,0 | 3,5 | 17,0 | -0,6 | 2,9 | -2,0 |
| Terra de Melide | 17,2 | 91,7 | -4,0 | -0,6 | 4,7 | 18,8 | 12,2 |
| Xallas | 20,8 | 0,0 | 1,7 | -1,7 | 8,8 | 21,8 | 19,0 |
| Allariz-Maceda | 33,1 | -18,2 | -3,3 | -2,1 | 9,7 | 14,5 | 23,3 |
| Ortegal | -5,1 | -100,0 | 3,1 | -3,7 | 5,2 | -5,1 | 20,4 |
| A Paradanta | 1,7 | -34,1 | 6,8 | 20,7 | 19,0 | 9,6 | 9,5 |
| Muros | -13,3 | 0,0 | -11,2 | 9,2 | 4,8 | -5,3 | 12,5 |
| Os Ancares | 2,1 | 0,0 | 7,7 | -8,0 | 0,7 | 8,7 | 9,4 |
| A Ulloa | 5,0 | 0,0 | 15,5 | -4,5 | 12,6 | 12,0 | 0,1 |
| A Barcala | 19,1 | 0,0 | 11,8 | 1,7 | 9,5 | 20,2 | 7,3 |
| Meira | -3,1 | 0,0 | -14,8 | 1,9 | 2,8 | 4,4 | 6,3 |
| A Fonsagrada | 1,3 | 104,5 | 11,5 | -6,1 | 4,6 | 30,7 | 2,5 |
| Baixa Limia | -2,0 | -41,7 | -8,4 | -16,1 | 4,0 | 24,4 | 38,9 |
| Viana | 35,5 | -25,0 | -0,7 | -9,0 | 11,7 | 0,8 | 12,0 |
| Quiroga | 9,8 | 0,0 | 9,1 | -4,8 | 9,5 | -26,4 | 14,1 |
| Terra de Trives | -15,1 | -91,7 | -14,4 | 16,8 | 1,1 | 1,0 | -8,1 |
| Terra de Caldelas | 16,5 | 0,0 | -8,6 | 29,9 | -8,8 | 23,7 | 1,4 |
| Galicia | 2,7 | 1,0 | -0,5 | 5,2 | 2,6 | 9,3 | 9,2 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

No período 2004-2007 e no conxunto de Galicia, as empresas creceron en todos os casos, agás no subsector da industria, que experimentou un leve retroceso, -0,5%. Entre as subidas máis intensas atópase transporte e comunicacións, 9,3%, e outros servizos, 9,2%; as empresas da construción aumentan un 5,2%, e, de forma máis moderada, fano agricultura e pesca, 2,7%, e comercio e hostalaría, 2,6%.

No comercio e hostalaría, as comarcas con maior número de empresas seguen tendencias de crecemento moderado. Destaca o importante incremento na Paradanta, A Ulloa, Viana e O Condado.

Noutros servizos destaca o incremento de Baixa Limia, 38,9%, Allariz-Maceda, 23,3% e Ortegal, 20,4%. Tan só dúas comarcas experimentan tendencia negativa: Terra de Trives, -8,1%, e Arzúa, -2%.

O terceiro subsector en volume de empresas, a construción, caracterízase pola disparidade nas tendencias. Deste xeito, se as comarcas con maior número de empresas medran con intensidades, na maioría dos casos, superiores á global galega, entre as comarcas intermedias e con menor número de empresas prodúcense retrocesos significativos, tal é o caso de Baixa Limia, -16,1%, ou Terra de Celanova, -12%.

No relativo á industria, único subsector que de xeito global descende, os incrementos máis importantes teñen lugar na Ulloa, 15,5%, e no Sar, 14,9%. Entre as comarcas con maior número de empresas destaca o retroceso de Lugo, -7,4%, e de Bergantiños, -6%.

Ao aumentar o nivel de desagregación das actividades económicas e tomar como referencia a Clasificación Nacional de Actividades Económicas a dous díxitos, obsérvase que as principais actividades económicas das empresas son a construción, 14,6%, e o comercio polo miúdo, 13,7%. Séguenlles en importancia os fogares que empregan persoal doméstico, 9,9%, e a hostalaría, 9,6%.

Gráfica 7: Principais actividades económicas CNAE-2 díxitos das empresas en Galicia. 2007.




*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

### 3.2.2. Traballadores asalariados

Táboa 14: Traballadores asalariados en 2007. Total, participación e tendencia 2004-2007.

| Comarcas | Total | Participación % | Tendencia 2004-2007 % |
|---|---|---|---|
| Vigo | 173.201 | 19,7 | 9,2 |
| A Coruña | 169.237 | 19,2 | 8,5 |
| Santiago | 66.002 | 7,5 | 9,8 |
| Ourense | 56.239 | 6,4 | 7,2 |
| Lugo | 50.054 | 5,7 | 8,4 |
| Pontevedra | 46.701 | 5,3 | 8,3 |
| Ferrol | 37.925 | 4,3 | 9,4 |
| O Salnés | 31.909 | 3,6 | 6,6 |
| O Morrazo | 14.846 | 1,7 | 6,1 |
| Bergantiños | 14.697 | 1,7 | 5,7 |
| Barbanza | 13.570 | 1,5 | 6,9 |
| Deza | 12.853 | 1,5 | 2,7 |
| O Baixo Miño | 11.065 | 1,3 | 14,8 |
| A Terra Chá | 10.841 | 1,2 | 5,0 |
| Betanzos | 10.527 | 1,2 | 6,9 |
| Ordes | 10.260 | 1,2 | 6,7 |
| A Mariña Occidental | 9.362 | 1,1 | 6,1 |
| Eume | 8.396 | 1,0 | 10,9 |
| A Mariña Central | 8.357 | 1,0 | 7,8 |
| Valdeorras | 7.975 | 0,9 | 5,9 |
| Caldas | 7.916 | 0,9 | 12,3 |
| O Condado | 7.893 | 0,9 | 10,8 |
| Sarria | 6.729 | 0,8 | 6,2 |
| Terra de Lemos | 6.011 | 0,7 | 7,3 |
| Noia | 5.929 | 0,7 | 7,5 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 5.823 | 0,7 | 4,2 |
| O Carballiño | 4.742 | 0,5 | 15,7 |
| O Sar | 4.584 | 0,5 | 8,0 |
| Verín | 4.502 | 0,5 | 8,5 |
| Fisterra | 4.497 | 0,5 | 3,0 |
| A Mariña Oriental | 4.486 | 0,5 | 6,1 |
| Terra de Soneira | 4.232 | 0,5 | 6,4 |
| Xallas | 3.561 | 0,4 | 4,5 |
| Chantada | 3.545 | 0,4 | 4,0 |
| A Limia | 3.392 | 0,4 | 0,5 |
| Arzúa | 3.341 | 0,4 | 7,6 |
| O Ribeiro | 2.877 | 0,3 | 8,1 |
| Terra de Melide | 2.703 | 0,3 | 6,1 |
| Os Ancares | 2.650 | 0,3 | 4,5 |
| Ortegal | 2.450 | 0,3 | 0,1 |
| Terra de Celanova | 2.359 | 0,3 | -0,5 |
| Muros | 2.179 | 0,2 | 1,8 |
| A Paradanta | 2.070 | 0,2 | 10,3 |
| A Barcala | 2.063 | 0,2 | -2,9 |
| Allariz-Maceda | 2.044 | 0,2 | 6,6 |
| A Ulloa | 2.006 | 0,2 | 3,2 |
| A Fonsagrada | 1.496 | 0,2 | 0,4 |
| Meira | 1.439 | 0,2 | 0,6 |
| Quiroga | 1.338 | 0,2 | -0,4 |
| Viana | 945 | 0,1 | 3,7 |
| Baixa Limia | 788 | 0,1 | -0,5 |
| Terra de Trives | 672 | 0,1 | -2,8 |
| Terra de Caldelas | 410 | 0,0 | -0,2 |
| Galicia | 879.643 | 100,0 | 7,5 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

Mapa 9: Número de asalariados. 2007.




*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourarıa da Seguridade Social.*

O 68,1% dos traballadores asalariados galegos concéntranse nas sete comarcas urbanas. Destacan entre elas Vigo, 19,7%, e A Coruña, 19,2%. Vólvese presenciar un desequilibrio comarcal, neste caso referido á distribución dos asalariados, xa que 34 comarcas non acadan o 1% de asalariados totais galegos.

Hai que sinalar que aconteceu un crecemento do número de asalariados do conxunto galego no período 2004-2007 (7,5%), producíndose maiores niveis de crecemento en comarcas como O Carballiño, 15,7%, ou O Baixo Miño, 14,8%. En canto ás comarcas en que o volume de persoas asalariadas descende, estes retrocesos son moderados: os de maior intensidade rexístranse na Barcala, -2,9%, e en Terra de Trives, -2,8%. Por outra banda, nas sete comarcas con maior número de asalariados hai un aumento notable destes durante o período 2004-2007, con subidas por riba dos sete puntos porcentuais.

Táboa 15: Traballadores asalariados comarcais segundo os subsectores de actividade en 2007. Peso relativo.

| Comarcas | Peso relativo | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Agricultura e Pesca | Electricidade | Industria | Construción | Comercio e hostalaría | Transporte e comunicacións | Outros servizos |
| Vigo | 2,6 | 0,3 | 25,9 | 7,8 | 20,8 | 6,1 | 36,5 |
| A Coruña | 1,7 | 0,6 | 12,6 | 11,3 | 20,5 | 6,4 | 47,0 |
| Santiago | 3,8 | 0,7 | 9,7 | 11,7 | 21,7 | 4,3 | 48,2 |
| Ourense | 2,5 | 0,5 | 15,8 | 10,7 | 20,1 | 4,3 | 46,1 |
| Lugo | 7,7 | 0,3 | 9,1 | 9,3 | 21,6 | 4,8 | 47,2 |
| Pontevedra | 5,0 | 0,3 | 9,2 | 14,2 | 21,9 | 4,4 | 45,0 |
| Ferrol | 5,3 | 0,2 | 22,7 | 14,0 | 20,3 | 4,6 | 32,8 |
| O Salnés | 16,7 | 0,3 | 18,5 | 16,0 | 25,6 | 3,5 | 19,4 |
| O Morrazo | 20,8 | 0,2 | 21,8 | 15,7 | 17,1 | 3,8 | 20,7 |
| Bergantiños | 18,3 | 0,3 | 26,4 | 22,2 | 15,5 | 3,3 | 13,9 |
| Barbanza | 3,9 | 0,1 | 35,1 | 16,5 | 22,6 | 2,9 | 18,9 |
| Deza | 27,7 | 0,2 | 23,6 | 17,0 | 12,4 | 4,1 | 15,0 |
| O Baixo Miño | 15,1 | 0,1 | 16,7 | 24,0 | 21,1 | 3,9 | 19,2 |
| A Terra Chá | 41,6 | 0,2 | 15,2 | 9,4 | 14,9 | 6,1 | 12,6 |
| Betanzos | 17,1 | 0,2 | 12,5 | 13,0 | 36,8 | 3,7 | 16,8 |
| Ordes | 28,2 | 0,3 | 20,6 | 19,8 | 12,4 | 3,6 | 15,1 |
| A Mariña Occidental | 19,6 | 0,2 | 29,2 | 14,4 | 16,0 | 3,1 | 17,5 |
| Eume | 9,0 | 6,5 | 24,9 | 18,7 | 15,5 | 5,3 | 20,1 |
| A Mariña Central | 21,8 | 0,3 | 13,3 | 17,9 | 16,0 | 4,6 | 26,1 |
| Valdeorras | 5,5 | 1,9 | 41,4 | 9,6 | 16,1 | 3,9 | 21,7 |
| Caldas | 7,6 | 0,1 | 41,3 | 16,6 | 14,7 | 5,5 | 14,0 |
| O Condado | 6,9 | 0,2 | 22,7 | 23,9 | 19,0 | 5,4 | 21,8 |
| Sarria | 36,1 | 0,4 | 16,9 | 9,0 | 12,9 | 6,1 | 18,6 |
| Terra de Lemos | 21,9 | 0,0 | 9,4 | 11,3 | 19,3 | 5,4 | 32,7 |
| Noia | 31,9 | 0,5 | 10,6 | 17,3 | 16,6 | 2,8 | 20,4 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 20,5 | 0,1 | 21,8 | 15,2 | 18,8 | 3,9 | 19,7 |
| O Carballiño | 15,4 | 0,0 | 17,4 | 20,4 | 17,5 | 5,4 | 23,9 |
| O Sar | 8,5 | 0,1 | 47,0 | 12,9 | 16,4 | 4,0 | 11,1 |
| Verín | 11,0 | 0,1 | 16,8 | 15,0 | 28,5 | 3,8 | 24,9 |
| Fisterra | 28,9 | 0,3 | 16,5 | 13,5 | 17,0 | 1,9 | 21,8 |
| A Mariña Oriental | 25,6 | 0,1 | 12,7 | 16,0 | 24,1 | 3,5 | 18,1 |
| Terra de Soneira | 31,2 | 0,2 | 20,0 | 22,4 | 11,6 | 1,7 | 12,9 |
| Xallas | 44,5 | 0,1 | 12,4 | 16,9 | 11,9 | 3,3 | 11,0 |
| Chantada | 43,7 | 0,1 | 6,8 | 7,7 | 23,1 | 4,5 | 14,0 |
| A Limia | 27,8 | 0,0 | 16,9 | 14,7 | 18,3 | 3,5 | 18,9 |
| Arzúa | 41,2 | 0,0 | 13,6 | 17,2 | 11,1 | 3,8 | 13,2 |
| O Ribeiro | 18,2 | 0,4 | 17,2 | 13,6 | 21,4 | 2,1 | 27,1 |
| Terra de Melide | 38,4 | 0,3 | 11,9 | 12,0 | 16,8 | 5,2 | 15,5 |
| Os Ancares | 55,3 | 0,1 | 5,0 | 11,0 | 14,3 | 4,2 | 10,1 |
| Ortegal | 32,2 | 0,0 | 21,3 | 10,4 | 16,3 | 1,5 | 18,4 |
| Terra de Celanova | 22,1 | 0,3 | 19,4 | 13,7 | 18,2 | 2,9 | 23,5 |
| Muros | 36,3 | 0,0 | 18,4 | 15,5 | 12,9 | 1,0 | 15,9 |
| A Paradanta | 16,5 | 0,1 | 26,0 | 18,4 | 16,7 | 2,4 | 19,9 |
| A Barcala | 35,2 | 0,1 | 12,1 | 18,7 | 15,8 | 3,7 | 14,3 |
| Allariz-Maceda | 21,4 | 1,3 | 20,2 | 15,3 | 13,5 | 5,4 | 22,8 |
| A Ulloa | 46,4 | 0,0 | 7,0 | 8,9 | 12,1 | 2,3 | 23,4 |
| A Fonsagrada | 64,5 | 0,1 | 8,7 | 3,7 | 10,2 | 1,8 | 10,9 |
| Meira | 54,6 | 0,0 | 12,8 | 6,8 | 10,2 | 2,8 | 12,8 |
| Quiroga | 14,4 | 1,5 | 44,4 | 10,0 | 7,9 | 0,8 | 21,0 |
| Viana | 27,0 | 1,1 | 9,0 | 11,8 | 15,3 | 3,5 | 32,4 |
| Baixa Limia | 30,9 | 0,1 | 4,6 | 12,1 | 17,0 | 2,6 | 32,7 |
| Terra de Trives | 35,7 | 0,3 | 10,2 | 11,5 | 13,7 | 2,3 | 26,2 |
| Terra de Caldelas | 50,0 | 0,7 | 4,3 | 6,6 | 8,3 | 3,0 | 27,0 |
| Galicia | 9,5 | 0,4 | 17,9 | 12,2 | 20,0 | 5,0 | 35,1 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

Outros servizos constitúe o subsector que concentra maior volume de asalariados: 35,1%. O comercio e hostalaría acolle o 20%, a industria o 17,9%, seguida pola construción, 12,2%, e pola agricultura e pesca, 9,5%.

En seis comarcas, as de maior número de asalariados, o peso porcentual dos outros servizos supera a porcentaxe galega, destacando o 48,2% de Santiago e o 47,2% de Lugo. En comercio e hostalaría sobresaen as porcentaxes de Betanzos, 36,8%, e Verín, 28,5%. En cambio, teñen proporcións moi baixas Quiroga e Terra de Caldelas, 7,9% e 8,3% respectivamente.

Dentro das comarcas máis poboadas destaca o baixo peso da construción na comarca de Vigo, 7,8%, en contraste co que sucede no Baixo Miño, Bergantiños, O Condado, e Terra de Soneira, con porcentaxes por riba ou iguais ao 20%.

Na industria 22 comarcas superan a porcentaxe galega, salientando o gran peso no Sar, 47%, ou en Quiroga, 44,4%. Os asalariados da agricultura e pesca obteñen os maiores pesos porcentuais en comarcas como A Fonsagrada, 64,5%, Meira, 54,6%, ou Terra de Caldelas, 50%. O subsector da electricidade tan só ten unha presenza significativa na comarca de Eume, 6,5%.

Táboa 16: Traballadores asalariados comarcais segundo os subsectores de actividade. Tendencia 2004-2007.

| Comarcas | Tendencia 2004-2007 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Agricultura e Pesca | Electricidade | Industria | Construción | Comercio e hostalaría | Transporte e comunicacións | Outros servizos |
| Vigo | -19,5 | -0,7 | 11,7 | 4,7 | 5,6 | 12,1 | 13,0 |
| A Coruña | -2,9 | -8,7 | 5,1 | 12,9 | 7,4 | 17,6 | 8,6 |
| Santiago | 3,3 | 6,2 | 6,8 | 6,4 | 12,4 | 23,0 | 9,7 |
| Ourense | 7,8 | -0,8 | 9,2 | 7,1 | 4,7 | 11,0 | 7,3 |
| Lugo | 0,8 | 7,3 | 1,8 | 16,1 | 10,0 | 14,7 | 8,4 |
| Pontevedra | -2,9 | 9,7 | 2,6 | 8,3 | 7,8 | 12,8 | 10,8 |
| Ferrol | -1,7 | 50,0 | 1,9 | 4,5 | 8,4 | 33,7 | 17,5 |
| O Salnés | -6,9 | 20,8 | 6,1 | 4,7 | 8,1 | 13,8 | 20,4 |
| O Morrazo | -6,6 | 159,5 | 18,5 | 7,9 | 4,9 | 2,3 | 8,8 |
| Bergantiños | -3,2 | 6,5 | 2,4 | 7,8 | 11,6 | 11,3 | 14,8 |
| Barbanza | -15,9 | -1,1 | 19,8 | 7,9 | -13,1 | 27,0 | 18,3 |
| Deza | -1,1 | -1,1 | 4,1 | -0,9 | -5,8 | 24,6 | 16,4 |
| O Baixo Miño | 1,2 | -17,5 | 8,8 | 29,5 | 9,7 | 23,9 | 20,7 |
| A Terra Chá | -1,5 | 55,7 | 4,3 | 12,6 | 6,2 | 24,8 | 14,0 |
| Betanzos | -2,0 | -84,7 | -8,2 | 29,2 | 10,8 | 22,9 | 11,5 |
| Ordes | -0,8 | 0,0 | 22,0 | 7,2 | -12,9 | 2,6 | 23,7 |
| A Mariña Occidental | -1,9 | 30,7 | 2,8 | 15,3 | 4,6 | 31,5 | 12,1 |
| Eume | 1,4 | -25,8 | 22,7 | 9,2 | 8,1 | 14,4 | 24,8 |
| A Mariña Central | 0,5 | 464,2 | 1,0 | 11,3 | 12,9 | 24,5 | 9,1 |
| Valdeorras | 5,6 | -4,0 | 5,1 | -4,2 | -3,4 | 24,5 | 19,9 |
| Caldas | -4,1 | -10,3 | 13,5 | 24,5 | -5,1 | 25,9 | 24,4 |
| O Condado | -4,9 | 7,5 | 8,8 | 14,4 | 11,1 | 27,9 | 10,8 |
| Sarria | -2,8 | -8,3 | 9,7 | 14,1 | 3,4 | 14,3 | 20,0 |
| Terra de Lemos | -4,0 | 0,0 | -2,5 | 18,2 | 12,1 | 0,0 | 14,6 |
| Noia | -0,6 | -26,4 | 9,6 | 9,9 | 6,5 | 23,1 | 19,5 |
| Tabeirós-Terra de Montes | -6,1 | -2,7 | 7,7 | 2,9 | 2,5 | 25,4 | 11,8 |
| O Carballiño | -4,9 | -100,0 | 20,0 | 12,8 | 8,8 | 34,3 | 36,2 |
| O Sar | -2,6 | 1,9 | 41,4 | 0,9 | -31,0 | 5,5 | 8,9 |
| Verín | -8,5 | -80,6 | 6,6 | -14,5 | 15,1 | -3,4 | 41,0 |
| Fisterra | -1,3 | -78,0 | 63,8 | 11,8 | -25,8 | -7,4 | 13,9 |
| A Mariña Oriental | -0,5 | 50,0 | -1,9 | 12,6 | 6,4 | 14,9 | 15,4 |
| Terra de Soneira | -3,3 | 16,8 | 5,5 | 5,7 | 6,1 | 28,4 | 40,8 |
| Xallas | -2,0 | -4,0 | 16,1 | -1,2 | 7,0 | 26,5 | 26,5 |
| Chantada | -2,3 | 14,3 | 10,6 | -11,1 | 4,5 | 21,0 | 31,6 |
| A Limia | -7,6 | 0,0 | 1,0 | -0,2 | 3,7 | 27,9 | 6,9 |
| Arzúa | -0,2 | 0,0 | 11,9 | 44,3 | -1,1 | 34,8 | -3,1 |
| O Ribeiro | -9,8 | 13,2 | -1,7 | 4,1 | 17,2 | 28,9 | 26,0 |
| Terra de Melide | 1,9 | 81,3 | -7,3 | 9,6 | 12,4 | 29,8 | 12,4 |
| Os Ancares | -0,3 | 30,9 | 13,4 | -4,4 | 25,7 | 26,4 | 6,9 |
| Ortegal | -11,0 | -100,0 | 7,4 | 1,7 | 11,4 | 0,8 | 4,6 |
| Terra de Celanova | -7,3 | -39,6 | 3,0 | -9,0 | 9,1 | 5,1 | 2,2 |
| Muros | -0,5 | 0,0 | -23,4 | 25,2 | 7,9 | 35,3 | 25,8 |
| A Paradanta | -5,6 | -17,3 | 26,3 | 4,9 | 24,8 | 5,2 | 3,3 |
| A Barcala | -7,7 | 0,0 | -31,1 | 23,8 | 42,0 | 6,7 | -18,0 |
| Allariz-Maceda | -2,1 | -0,5 | -0,5 | 7,4 | 18,3 | 17,8 | 13,9 |
| A Ulloa | -0,9 | 0,0 | 1,9 | 9,4 | 6,1 | 47,2 | 5,1 |
| A Fonsagrada | -3,0 | 145,5 | -4,1 | -2,9 | 37,0 | 53,0 | -4,7 |
| Meira | -2,4 | 0,0 | -1,9 | 4,2 | 4,6 | 26,3 | 7,5 |
| Quiroga | -15,0 | 1,4 | 0,0 | -10,5 | 6,8 | 4,4 | 15,1 |
| Viana | -3,5 | -19,7 | 9,0 | -17,0 | 25,5 | 4,9 | 10,9 |
| Baixa Limia | -14,4 | -66,1 | -6,4 | -15,0 | 13,0 | 37,6 | 16,7 |
| Terra de Trives | 1,9 | -88,6 | -25,5 | 16,8 | 2,2 | -17,5 | 2,4 |
| Terra de Caldelas | -0,7 | 0,0 | 32,0 | 3,2 | -12,4 | 46,6 | -3,3 |
| Galicia | -3,6 | -8,0 | 8,4 | 8,8 | 6,5 | 16,3 | 11,1 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourería da Seguridade Social.*

No período 2004-2007 os asalariados descenderon nos subsectores da agricultura e pesca, -3,6%, e da electricidade, -8%. Os demais subsectores medraron, especialmente transporte e comunicacións, 16,3%.

Noutros servizos, os incrementos máis significativos teñen lugar en Verín, 41%, e Terra de Soneira, 40,8%, entre outras comarcas. Dentro das tendencias negativas, os asalariados deste subsector descenden en catro comarcas; o decaemento máis importante rexístrase na Barcala, -18%.

No caso do comercio e hostalaría, sobresaen os incrementos de asalariados na Barcala, 42%, e na Fonsagrada, 37%. En nove comarcas descenden os asalariados, correspondéndolle a maior intensidade ao Sar, -31%, seguida de Fisterra, -25,8%. Estas dúas comarcas son, en contraste, as que máis peso porcentual acadan na industria: Fisterra o 63,8% e O Sar o 41,4%. Son doce as comarcas que descenden o seu número de asalariados na industria, con maiores intensidades de retroceso para A Barcala, -31,1%, e para Terra de Trives, -25,5%.

Na construción os asalariados descenden en doce comarcas, con especial incidencia naquelas con menor número de asalariados; así, destaca a baixada de Viana, -17%, ou de Baixa Limia, -15%. Entre os crecementos máis significativos estarían os de Arzúa, 44,3%, ou do Baixo Miño, 29,5%.

Tan só en nove comarcas aumentan os asalariados na agricultura e pesca; trátase de aumentos moderados entre os que destacan os das comarcas de Ourense, 7,8%, e Valdeorras, 5,6%. Entre os descensos sobresaen Vigo, -19,5%, ou Barbanza, -15,9%.

As principais actividades económicas dos traballadores asalariados en 2007 son a construción, 12,2%; outras actividades empresariais, 8,2%; e comercio polo miúdo, 8%.

Gráfica 8: Principais actividades económicas CNAE-2 díxitos dos asalariados en Galicia. 2007.




*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

Mapa 10: Principal actividade económica dos asalariados. CNAE-2 díxitos. 2007




| | |
|---|---|
| Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais | (1) |
| Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria | (2) |
| Agricultura, gandaría, caza e actividades dos servizos relacionados con elas | (27) |
| Comercio polo miúdo | (1) |
| Construción | (13) |
| Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos | (1) |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | (1) |
| Industria de produtos alimenticios e bebidas | (1) |
| Metalurxia | (1) |
| Outras actividades empresariais | (2) |
| Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas | (3) |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

No mapa anterior reflíctese a distribución das principais actividades desenvolvidas polos traballadores asalariados. En función deste nivel de desagregación, obsérvase que a agricultura, gandaría e caza é a actividade máis desenvolvida en 27 comarcas, entre as que predominan as do interior non urbano. Séguelle a construción, sendo máis evidente a súa presenza na franxa occidental. Nas dúas comarcas con maior número de traballadores asalariados, Vigo e A Coruña, a principal actividade é outras actividades empresariais.

### 3.2.3. Traballadores autónomos

Táboa 17: Traballadores autónomos en 2007. Total, participación e tendencia 2004-2007

| Comarcas | Total | Participación % | Tendencia 2004-2007 % |
|---|---|---|---|
| Vigo | 27.998 | 14,7 | 10,0 |
| A Coruña | 27.278 | 14,3 | 12,9 |
| Santiago | 11.014 | 5,8 | 17,8 |
| Ourense | 10.887 | 5,7 | 13,4 |
| Ferrol | 8.319 | 4,4 | 11,9 |
| O Salnés | 8.267 | 4,3 | 14,7 |
| Pontevedra | 8.141 | 4,3 | 11,2 |
| Lugo | 8.086 | 4,2 | 12,6 |
| Bergantiños | 6.066 | 3,2 | 15,9 |
| O Morrazo | 4.799 | 2,5 | 12,2 |
| Barbanza | 3.860 | 2,0 | 15,0 |
| O Baixo Miño | 3.620 | 1,9 | 14,9 |
| Deza | 3.547 | 1,9 | 19,2 |
| O Condado | 2.803 | 1,5 | 18,0 |
| A Terra Chá | 2.702 | 1,4 | 16,1 |
| Betanzos | 2.697 | 1,4 | 17,0 |
| Ordes | 2.660 | 1,4 | 15,0 |
| Caldas | 2.397 | 1,3 | 14,5 |
| Noia | 2.318 | 1,2 | 20,0 |
| O Carballiño | 2.317 | 1,2 | 20,9 |
| Terra de Lemos | 2.232 | 1,2 | 13,5 |
| A Mariña Central | 2.156 | 1,1 | 18,9 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 2.082 | 1,1 | 9,8 |
| Valdeorras | 1.916 | 1,0 | 12,7 |
| Sarria | 1.851 | 1,0 | 17,7 |
| A Limia | 1.779 | 0,9 | 20,4 |
| Verín | 1.753 | 0,9 | 25,9 |
| Terra de Soneira | 1.711 | 0,9 | 21,7 |
| Eume | 1.579 | 0,8 | 14,5 |
| A Mariña Occidental | 1.579 | 0,8 | 13,0 |
| Fisterra | 1.577 | 0,8 | 15,4 |
| Terra de Celanova | 1.479 | 0,8 | 26,3 |
| A Mariña Oriental | 1.375 | 0,7 | 16,5 |
| O Ribeiro | 1.224 | 0,6 | 18,4 |
| Xallas | 1.193 | 0,6 | 16,0 |
| Arzúa | 1.190 | 0,6 | 18,5 |
| Allariz-Maceda | 1.132 | 0,6 | 20,3 |
| Terra de Melide | 1.112 | 0,6 | 18,4 |
| O Sar | 1.075 | 0,6 | 18,9 |
| Chantada | 995 | 0,5 | 16,8 |
| Ortegal | 955 | 0,5 | 15,9 |
| Muros | 815 | 0,4 | 19,1 |
| Os Ancares | 758 | 0,4 | 17,4 |
| A Paradanta | 747 | 0,4 | 14,4 |
| A Barcala | 735 | 0,4 | 12,4 |
| A Ulloa | 636 | 0,3 | 15,7 |
| Meira | 445 | 0,2 | 15,4 |
| Baixa Limia | 434 | 0,2 | 17,7 |
| Viana | 418 | 0,2 | 19,5 |
| A Fonsagrada | 410 | 0,2 | 12,2 |
| Quiroga | 337 | 0,2 | 19,2 |
| Terra de Trives | 277 | 0,1 | 18,8 |
| Terra de Caldelas | 226 | 0,1 | 12,5 |
| Galicia | 190.481 | 100,0 | 14,2 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

Mapa 11: Número de traballadores autónomos. 2007.




*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

Na distribución comarcal dos traballadores autónomos volve destacar a súa concentración nas comarcas de Vigo e A Coruña, que conxuntamente integran o 29% do total galego. Séguenlles en importancia as comarcas de Santiago, Ourense, Ferrol, O Salnés, Pontevedra e Lugo, con porcentaxes que se sitúan entre o 4% e o 6%. O desequilibrio territorial na distribución de traballadores autónomos reflíctese no feito de que 28 comarcas non acadan o 1% dos traballadores autónomos galegos, igual que sucedía ao tomar como referencia as empresas e traballadores.

A tendencia 2004-2007 para este colectivo é de crecemento, o que se expresa nunha variación do 14,2%. Este comportamento crecente no período é común para todas as comarcas, experimentando os maiores incrementos Terra de Celanova, 26,3%, e Verín, 25,9%. Nas dúas comarcas con maior número de traballadores autónomos o crecemento é do 10% para Vigo e do 12,9% para A Coruña. O incremento de menor intensidade acontece en Tabeirós-Terra de Montes, o 9,8%.

Táboa 18: Traballadores autónomos comarcais segundo os subsectores de actividade en 2007. Peso relativo.

| Comarcas | Peso relativo | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Agricultura e Pesca | Electricidade | Industria | Construción | Comercio e hostalaría | Transporte e comunicacións | Outros servizos |
| Vigo | 0,6 | 0,1 | 7,8 | 13,1 | 46,5 | 7,6 | 24,5 |
| A Coruña | 0,7 | 0,0 | 7,3 | 12,7 | 43,5 | 6,7 | 29,1 |
| Ferrol | 1,0 | 0,0 | 6,9 | 13,6 | 43,9 | 6,4 | 28,2 |
| Santiago | 1,6 | 0,0 | 9,9 | 17,1 | 43,1 | 5,8 | 22,5 |
| Ourense | 1,2 | 0,0 | 5,8 | 14,3 | 49,1 | 5,8 | 23,8 |
| Pontevedra | 1,1 | 0,1 | 7,9 | 19,9 | 48,4 | 5,5 | 17,0 |
| Lugo | 1,2 | 0,0 | 7,1 | 17,0 | 45,6 | 6,7 | 22,4 |
| O Salnés | 2,4 | 0,0 | 6,7 | 15,2 | 43,1 | 7,6 | 25,0 |
| O Morrazo | 1,7 | 0,0 | 10,4 | 27,4 | 40,6 | 6,5 | 13,4 |
| Bergantiños | 1,6 | 0,0 | 8,2 | 17,1 | 50,0 | 4,2 | 18,9 |
| Barbanza | 2,0 | 0,1 | 8,3 | 18,5 | 47,1 | 5,1 | 19,0 |
| O Baixo Miño | 3,6 | 0,1 | 8,4 | 21,7 | 45,3 | 4,8 | 16,3 |
| A Terra Chá | 6,4 | 0,1 | 11,7 | 20,9 | 39,6 | 8,3 | 13,0 |
| Deza | 1,7 | 0,0 | 9,7 | 20,5 | 44,1 | 8,2 | 15,7 |
| O Condado | 5,1 | 0,0 | 10,9 | 18,1 | 42,0 | 11,7 | 12,1 |
| Betanzos | 2,2 | 0,0 | 8,1 | 17,5 | 47,6 | 6,6 | 17,9 |
| Ordes | 3,0 | 0,0 | 10,1 | 22,3 | 41,8 | 8,6 | 14,2 |
| Noia | 2,1 | 0,1 | 9,3 | 23,1 | 44,9 | 7,1 | 13,5 |
| Caldas | 1,8 | 0,0 | 8,6 | 22,6 | 46,6 | 4,2 | 16,2 |
| Terra de Lemos | 3,1 | 0,0 | 12,1 | 22,9 | 45,0 | 3,9 | 13,0 |
| A Mariña Central | 3,7 | 0,0 | 9,9 | 19,6 | 43,8 | 5,3 | 17,7 |
| O Carballiño | 2,7 | 0,0 | 9,1 | 20,7 | 43,9 | 7,9 | 15,7 |
| Valdeorras | 3,1 | 0,0 | 14,2 | 20,3 | 42,4 | 6,9 | 13,2 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 0,6 | 0,2 | 10,1 | 24,7 | 44,9 | 6,1 | 13,4 |
| Verín | 6,0 | 0,1 | 11,2 | 18,0 | 40,0 | 12,0 | 12,6 |
| A Mariña Occidental | 14,7 | 0,1 | 10,8 | 24,2 | 35,8 | 5,1 | 9,3 |
| Eume | 2,7 | 0,1 | 9,6 | 19,2 | 47,1 | 8,0 | 13,4 |
| Sarria | 1,7 | 0,1 | 10,7 | 28,4 | 44,7 | 5,6 | 8,8 |
| Fisterra | 2,5 | 0,0 | 7,0 | 16,0 | 46,5 | 6,5 | 21,5 |
| A Limia | 2,5 | 0,1 | 6,1 | 16,3 | 49,8 | 6,7 | 18,4 |
| Terra de Celanova | 2,3 | 0,0 | 11,3 | 21,3 | 47,3 | 5,7 | 12,2 |
| Terra de Soneira | 6,0 | 0,0 | 12,9 | 25,8 | 39,3 | 6,0 | 10,0 |
| O Ribeiro | 4,3 | 0,0 | 7,5 | 20,6 | 42,3 | 8,1 | 17,2 |
| Arzúa | 4,5 | 0,1 | 19,5 | 20,7 | 40,3 | 6,1 | 8,8 |
| A Mariña Oriental | 2,8 | 0,1 | 8,0 | 24,7 | 45,2 | 6,8 | 12,4 |
| O Sar | 6,1 | 0,0 | 8,8 | 20,6 | 45,0 | 9,5 | 10,0 |
| A Paradanta | 6,8 | 0,0 | 14,2 | 23,9 | 38,0 | 5,6 | 11,5 |
| Xallas | 4,2 | 0,0 | 10,4 | 23,5 | 42,1 | 8,9 | 10,9 |
| Chantada | 2,7 | 0,0 | 10,4 | 16,9 | 47,2 | 7,0 | 15,7 |
| Ortegal | 5,7 | 0,0 | 7,9 | 18,5 | 45,6 | 10,8 | 11,5 |
| Allariz-Maceda | 4,1 | 0,0 | 7,8 | 22,7 | 46,4 | 4,5 | 14,6 |
| Muros | 1,0 | 0,0 | 7,9 | 22,4 | 52,6 | 4,5 | 11,6 |
| Terra de Melide | 4,5 | 0,0 | 7,7 | 20,3 | 41,5 | 15,1 | 10,9 |
| Os Ancares | 2,5 | 0,0 | 7,7 | 22,3 | 48,1 | 8,6 | 10,9 |
| A Barcala | 2,2 | 0,0 | 8,0 | 22,4 | 43,2 | 7,8 | 16,3 |
| A Ulloa | 6,9 | 0,2 | 9,0 | 21,1 | 43,5 | 6,7 | 12,6 |
| Baixa Limia | 4,5 | 0,0 | 14,4 | 17,0 | 40,4 | 11,2 | 12,4 |
| Viana | 9,7 | 0,0 | 7,1 | 27,6 | 45,6 | 4,0 | 5,9 |
| A Fonsagrada | 4,6 | 0,2 | 9,0 | 15,1 | 53,9 | 9,3 | 7,8 |
| Quiroga | 2,9 | 0,0 | 7,2 | 21,8 | 45,4 | 11,6 | 11,1 |
| Meira | 1,7 | 0,0 | 7,4 | 20,6 | 48,7 | 9,7 | 11,9 |
| Terra de Trives | 3,3 | 0,0 | 7,5 | 20,6 | 50,2 | 8,0 | 10,4 |
| Terra de Caldelas | 5,9 | 0,0 | 12,4 | 20,8 | 46,1 | 7,8 | 7,1 |
| Galicia | 2,0 | 0,0 | 8,5 | 17,3 | 44,7 | 6,8 | 20,7 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourería da Seguridade Social.*

A diferenza do que sucedía coas empresas e traballadores, o comercio e hostalaría é o subsector en que máis traballadores autónomos se concentran, o 44,7%. O segundo en importancia é outros servizos, 20,7%, e, a continuación, aparecen a construción, 17,3%, a industria, 8,5%, o transporte e comunicacións, 6,8%, e a agricultura e pesca, 2%.

No subsector do comercio e hostalaría 29 comarcas superan a porcentaxe galega: acadan os valores máis altos Viana, 53,9%, e Muros, 52,6%. Nos outros servizos, as porcentaxes máis altas tenden a concentrarse nas comarcas con maior número de traballadores autónomos, polo que destacan A Coruña, 29,1%, e Santiago 28,2%.

No caso da construción, son 40 as comarcas que superan a porcentaxe galega, tendendo a situarse entre as comarcas intermedias e baixas no que a número de traballadores autónomos se refire. O valor máis alto é para Terra de Soneira, 28,4%, seguida de Baixa Limia, 27,6%.

Os traballadores autónomos da industria presentan os pesos porcentuais máis altos maioritariamente nas comarcas intermedias; destaca O Ribeiro, co 19,5%.

Táboa 19: Traballadores autónomos comarcais segundo os subsectores de actividade. Tendencia 2004-2007.

| Comarcas | Tendencia 2004-2007 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Agricultura e Pesca | Electricidade | Industria | Construción | Comercio e hostalaría | Transporte e comunicacións | Outros servizos |
| Vigo | 28,5 | 21,9 | 8,1 | 13,5 | 7,2 | 8,1 | 14,8 |
| A Coruña | 33,6 | 29,7 | 11,0 | 18,4 | 9,6 | 9,6 | 16,8 |
| Santiago | 28,9 | 102,8 | 11,6 | 25,4 | 14,8 | 17,4 | 20,3 |
| Ourense | 17,8 | 0,0 | 6,7 | 18,7 | 11,6 | 10,8 | 16,9 |
| Ferrol | 21,1 | 9,5 | 6,0 | 16,9 | 9,6 | 8,8 | 16,1 |
| O Salnés | 27,7 | 92,9 | 9,5 | 19,6 | 11,8 | 6,2 | 22,8 |
| Pontevedra | 19,1 | -20,6 | 5,6 | 16,6 | 7,1 | 12,1 | 17,5 |
| Lugo | 12,0 | 44,0 | 7,9 | 17,2 | 10,4 | 11,1 | 15,6 |
| Bergantiños | 14,5 | 260,0 | 10,3 | 19,4 | 15,4 | 10,8 | 18,0 |
| O Morrazo | 12,0 | 148,3 | 11,9 | 15,1 | 9,5 | 13,0 | 17,2 |
| Barbanza | 15,0 | 188,0 | 14,4 | 20,9 | 10,3 | 10,6 | 23,6 |
| O Baixo Miño | 32,8 | 9,1 | 8,3 | 21,7 | 10,9 | 17,7 | 17,4 |
| Deza | 35,2 | 0,0 | 18,3 | 16,3 | 16,2 | 18,4 | 28,2 |
| O Condado | 23,9 | 0,0 | 20,2 | 25,7 | 12,8 | 14,0 | 24,4 |
| A Terra Chá | 13,1 | 0,0 | 11,5 | 20,2 | 15,9 | 14,7 | 18,0 |
| Betanzos | 18,8 | 0,0 | 4,3 | 17,9 | 18,1 | 14,6 | 20,7 |
| Ordes | 23,2 | 0,0 | 8,6 | 16,5 | 13,9 | 19,4 | 16,8 |
| Caldas | 7,3 | -5,3 | 11,1 | 15,9 | 14,7 | 7,4 | 19,2 |
| Noia | 52,1 | 0,0 | 14,9 | 26,2 | 17,2 | 18,2 | 20,5 |
| O Carballiño | 14,5 | 0,0 | 16,6 | 24,1 | 20,4 | 15,9 | 24,6 |
| Terra de Lemos | 16,3 | 0,0 | 14,2 | 17,0 | 9,0 | 13,2 | 20,6 |
| A Mariña Central | 3,8 | 0,0 | 14,3 | 29,8 | 16,1 | 20,2 | 18,8 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 18,4 | 0,0 | 6,1 | 13,1 | 7,5 | 10,2 | 14,8 |
| Valdeorras | 58,7 | 61,2 | 14,6 | 14,5 | 11,2 | 7,7 | 13,9 |
| Sarria | 22,8 | 18,6 | 17,0 | 21,8 | 15,4 | 14,2 | 21,0 |
| A Limia | 18,7 | 8,3 | 22,0 | 23,5 | 17,8 | 25,1 | 21,4 |
| Verín | 4,9 | 0,0 | 21,2 | 37,4 | 24,6 | 22,7 | 26,1 |
| Terra de Soneira | 39,3 | 56,5 | 18,2 | 27,6 | 18,2 | 20,8 | 23,2 |
| Eume | 41,5 | 0,0 | 1,4 | 18,4 | 13,7 | 15,2 | 15,3 |
| A Mariña Occidental | 21,6 | 213,0 | 7,8 | 17,4 | 11,9 | 19,7 | 10,1 |
| Fisterra | 9,8 | 0,0 | 18,0 | 21,2 | 12,8 | 9,5 | 18,1 |
| Terra de Celanova | 31,5 | 0,0 | 28,3 | 26,7 | 23,8 | 33,9 | 25,9 |
| A Mariña Oriental | 11,6 | -100,0 | 4,4 | 24,5 | 15,3 | 6,8 | 23,2 |
| O Ribeiro | 7,0 | 0,0 | 21,9 | 19,9 | 17,8 | 8,6 | 24,7 |
| Xallas | 30,7 | 0,0 | 10,5 | 17,4 | 15,5 | 20,9 | 13,2 |
| Arzúa | 14,5 | 0,0 | 15,5 | 17,4 | 20,2 | 16,5 | 20,2 |
| Allariz-Maceda | 23,9 | 0,0 | 10,1 | 30,0 | 18,4 | 13,1 | 23,4 |
| Terra de Melide | 32,7 | 0,0 | 6,7 | 20,8 | 16,1 | 30,5 | 21,4 |
| O Sar | 42,9 | 0,0 | 17,2 | 25,0 | 15,6 | 4,1 | 28,9 |
| Chantada | 20,6 | -100,0 | 9,1 | 27,1 | 14,1 | 23,0 | 11,8 |
| Ortegal | 30,7 | -100,0 | 19,3 | 23,0 | 13,7 | -3,9 | 15,6 |
| Muros | 3,8 | 0,0 | 28,0 | 23,1 | 15,8 | 19,3 | 22,6 |
| Os Ancares | 43,3 | 0,0 | 8,1 | 20,2 | 15,1 | 17,6 | 19,9 |
| A Paradanta | 20,0 | 0,0 | 10,0 | 38,9 | 6,6 | 4,8 | 20,0 |
| A Barcala | 61,2 | 0,0 | 1,2 | 18,2 | 6,6 | 18,5 | 20,4 |
| A Ulloa | 19,2 | 0,0 | 26,7 | 17,9 | 8,3 | 14,2 | 33,3 |
| Meira | 0,0 | 0,0 | 14,5 | 16,8 | 14,7 | 24,3 | 15,7 |
| Baixa Limia | 1,6 | 0,0 | -5,1 | 23,3 | 22,0 | 22,9 | 22,5 |
| Viana | 3,3 | 0,0 | 24,8 | 26,6 | 18,2 | 19,4 | 21,4 |
| A Fonsagrada | -5,2 | 0,0 | 21,0 | 26,3 | 10,0 | 0,8 | 10,0 |
| Quiroga | 77,4 | 0,0 | 15,2 | 17,4 | 16,5 | 10,4 | 42,6 |
| Terra de Trives | -10,7 | 0,0 | 10,5 | 46,3 | 17,7 | 14,7 | 3,9 |
| Terra de Caldelas | -10,8 | 0,0 | 20,9 | 11,9 | 8,2 | 25,8 | 50,8 |
| Galicia | 20,9 | 28,5 | 11,0 | 19,3 | 11,5 | 12,0 | 17,7 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourería da Seguridade Social.*

No período 2004-2007 os traballadores autónomos medraron en todos os subsectores. Para o comercio e hostalaría os crecementos quinquenais máis significativos dos traballadores autónomos teñen lugar en Verín, 24,6%, e en Terra de Celanova, 23,8%. No caso doutros servizos, prodúcense crecementos quinquenais de grande intensidade en case todas as comarcas e o mesmo acontece co subsector da construción.

As actividades de comercio polo miúdo, a construción e hostalaría, concentran o 52,1% dos autónomos galegos. A preponderancia do comercio polo miúdo e a construción é un das trazos comúns a todas as comarcas, intercambiándose a súa posición de privilexio nas diversas comarcas.

Nun segundo nivel aparecen as actividades de comercio por xunto, outras actividades empresariais e transporte terrestre, con porcentaxes en torno ao 6%.

Gráfica 9: Principais actividades económicas CNAE-2 díxitos dos traballadores autónomos en Galicia. 2007.




*Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesouraría da Seguridade Social.*

## 3.2.4. Renda familiar dispoñible

Mapa 12: Renda familiar dispoñible per capita. 2005.




*Fonte: Elaboración propia a partir do Anuario socioeconómico de Caixanova. 2007.*

A renda familiar dispoñible per capita en Galicia para o ano 2005 foi de 11.833 euros. Sete comarcas superan esta renda; destacan os valores logrados por Ourense e Lugo, 12.700 e 12.490 euros.

As comarcas de Santiago, A Coruña e Vigo sitúanse levemente por debaixo da media galega. Por outra banda, convén destacar que nas comarcas da Barcala, Fisterra, e A Paradanta a renda familiar está por debaixo dos 10.000 euros anuais.